



A XUNTA DISCRIMINA ÁS MULLERES

O permiso de nacemento e adopción/acollemento no SERGAS

Na última reunión da comisión de permisos, o SERGAS confirmou que a Xunta de Galiza non vai aplicar a ampliación do permiso de nacemento e adopción/acollemento aprobada polo Estado para as empregadas públicas.

Como queda o permiso?

- As **mulleres** manteñen 22 semanas de permiso, **sen ningunha mellora** respecto á situación anterior.
- Os **homes** pasan de 16 a **19 semanas** grazas á modificación estatal.
- A flexibilización de 2 semanas só estará dispoñible para crianzas nadas desde agosto de 2025. Isto significa que as mulleres que xa gozaron das 22 semanas non teñen opción a desfrutar 2 semanas dentro dos 8 anos de vida da crianza de forma flexible.

Que fai a Xunta?

- En lugar de ampliar dereitos, o PP utiliza a reforma estatal para aforrar cartos a costa das mulleres.
- As mulleres seguen coas mesmas 22 semanas e non se lles recoñece ningunha mellora real.

Que demandamos desde CIG-Saúde?

- Que a Xunta **recoñeza e aplique de inmediato as 3 semanas adicionais** que o Estado concede, sumando así 25 semanas para as mulleres.
- Que se **respecte o dereito a utilizar 2 semanas de maneira flexible** ata que a crianza cumpra 8 anos, en igualdade co resto de traballadoras.
- Que esta **ampliación se incorpore antes de que remate o ano**, a través da Lei de medidas, garantindo así igualdade real.
- Que a Xunta **deixe de perpetuar desigualdades** e de aproveitar as reformas estatais para recortar dereitos ás mulleres do sector público galego.

Non ao recorte nos dereitos das empregadas públicas!!

SETEMBRO 2025